

DOCE HOMES SEN PIEDADE

1785

Sidney Lumet, 1957

ESTREA EN NUMAX: 06.07.2026 | V.O.S.E. | 95 min

Os doce membros dun xurado deben xulgar a un adolescente acusado de matar ao seu pai. Todos menos un están convencidos da culpabilidade do acusado. O que dubida tenta cos seus pensamentos introducir no debate unha dúbida razoable que faga recapacitar aos seus compañeiros para que cambien o sentido do seu voto.

«Virulenta crítica ao sistema xudicial estadounidense que mostra un profundo desprezo pola pena de morte»

Miguel Ángel Palomo, EL PAÍS



Contra o poder da maioría

Por Dolores Sarto

Doce homes sen piedade pode considerarse un dos filmes que mellor representan a comunión entre o guión teatral e as cámaras. O dramaturgo Reginald Rose escribiu a historia orixinal (representada en case todo o mundo) e adaptouna tamén para o cinema, deixando en mans do gran Sidney Lumet a realización deste relato sobre a verdade e as súas arestas, que se convertería nun dos dramas xudiciais máis intachables da historia. Ante os doce membros dun xurado, un maxistrado dá por finalizado o xuízo a un mozo de 18 anos por matar o seu pai, e pídelles que se retiren a deliberar o veredicto. Se é culpable, será enviado á cadeira eléctrica por homicidio en primeiro grao. A cara do acusado superponse sobre a sala á que todos acoden a reflexionar o seu ditame e onde se desenvolve o resto da película. Catro paredes para que unha ducia de homes decidan sobre o que ao principio parece un caso sinxelo de culpabilidade. Pero hai un deles, o número 8, interpretado por Henry Fonda, que tras a primeira votación manifesta o seu desacordo, non por crer na inocencia do mozo, senón por ter dúbidas e considerar xusto que se debata sobre a cuestión, debido a que a vida do acusado está nas súas mans.

É o arranque dunha das mellores narracións cinematográficas que se fixeron sobre a relatividade dos denominados “feitos probados”. Arroupado por un elenco excepcional (todos eles sen nomes propios na película) cuxa solidez descansa sobre un austero Fonda e un tremendo Lee J. Cobb, Lumet abre a caixa de pandora sobre cuestións sociais nada habituais no cinema dos anos 50, emanadas da propia infancia maltratada do acusado e da súa pertenza a un barrio suburbial azoutado pola violencia. Case en tempo real, o membro do xurado número 8 comeza a debullar unha por unha as probas do caso e a ofrecer ao resto dos personaxes unha oportunidade para reconsiderar o que se ofrece como un veredicto precipitado e sometido a prexuízos.

Contra o poder da maioría, a falta de ética e de responsabilidade, e a intolerancia, o personaxe de Fonda ofrece unha visión alternativa sobre os testemuños, a arma do crime e os indicios, poñendo exemplos, argumentando e conseguindo estender dúbidas razoables conforme avanza o tempo e aumenta a tensión, o fume dos cigarros e a suor das camisas. O guión sèrvese de múltiples personalidades, dogmas e situacións privadas para configurar un crisol humano o máis variado posible e en paralelo, asistimos a unha narración visual que xoga con todas as posibilidades técnicas dun espazo pechado. É algo ao que Lumet demostra non ter ningún temor, realizando auténticas marabillas cos planos e xogando a colocar aos doce homes en diferentes posicións, como nun taboleiro de xadrez.

Non hai concesións á comodidade do espectador. A ambigüidade dos feitos queda tan sumamente diseccionada que non hai forma de saber se o acusado é ou non culpable. E non hai outro obxectivo máis aló dese dato. Trátase, como di o membro número 8, de “unha verdade que nunca coñeceremos” e que tan só obriga ao resto de personaxes (e a nós) a ter o valor para decidir o que sería xusto nun caso así. Non decidir conforme a influencias externas, dogmas, simplificacións ou estereotipos, unha misión case imposible aínda na actualidade, pola propia natureza do ser humano, inasequible a unha xustiza plenamente eficaz.